

**PROCESO SELECTIVO CORRESPONDENTE A OEP-ESTABILIZACIÓN (PROCEDEMENTO CONCURSO-OPOSICIÓN) DA SEGUINTE PRAZA: OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS****ANUNCIO DO ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN EN RELACIÓN ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS NA FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.****No proceso selectivo de OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (43626-220).**

- **Sánchez Figueroa J.**, doc. nº 240271114, presentado o 06/09/2024. Alega que non se lle valoraron correctamente os méritos presentados.

Valorouselle 1,3 puntos que se corresponden:

Curso de riscos de medidas preventivas no posto de oficial de instalacións do concello de Vigo (3 horas). Se valorou con 0,3.

Titulación académica de Título de técnico superior en desenvolvemento de produtos de carpintería e moble - Se valorou con 1 punto.

Se procede á comprobación dos demais méritos alegados:

- Celga 4, non se valora porque seguindo o tenor literal das bases da convocatoria (Base décima, punto 2 b)) establece que se valorará como formación transversal os cursos de linguaxe administrativa do idioma galego, pero non os de validación de nivel de competencia de lingua galega superior a esixida como requisito de acceso que no presenta caso sería o CELGA 3.

- Curso de riscos psicosociais conserxería (cualtis) (6 hrs): Segundo as bases da convocatoria (Base décima, punto 2 b)) se valorarán unicamente os cursos de formación impartidos ou recibidos por AAPP ou homologados, ou outras entidades do sector público, ou os impartidos no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua, cuxo contido estea directamente relacionado Neste caso ao ser específico de conserxería (grupo E), non está directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria (oficial de instalacións-grupo C2).

- Curso de primeiros auxilios (cualtis) (4 horas): Dado que á contratante é a Universidade de Vigo, estímase a alegación e valórase con 0,4 puntos.

Polo tanto a puntuación en materia de formación queda: 1,7 en formación, que sumados a puntuación de méritos profesionais de 14,4, da unha puntuación total: 16,1 puntos

36	SANCHEZ FIGUEROA	J.	***3379**	Méritos profesionais: 14,4 Méritos académico: 1,7 <b>Total: 16,1</b>
----	------------------	----	-----------	--



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/10/2024 13:21	Páxina 1 de 5
240303511	CSV: A2AA5H-E733A1-218EC8-GP33J2-DFY8X8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- **Lugo Prado E.**, doc. nº 240272669 presentado en data 10/09/2024

Alega que non se tivo en conta a relación de méritos profesionais no concello de Vigo porque están en un arquivo diferente (o relativo a formación).

Comprobado o arquivo, estímase a alegación xa que constan alegados os méritos profesionais, polo que se solicita certificado ao concello de Vigo.

Comprobado o mesmo resulta a seguinte puntuación:

28	LUGO PRADO	E.	***4592**	Méritos profesionais: 36 Méritos académico: 4 <b>Total: 40 puntos</b>
----	------------	----	-----------	---

- **Vázquez Rodríguez J.**, doc nº 2403273639, presentado o día 10/09/2024.

Manifesta que non se puntuaron os méritos profesionais do concello de Vigo e do Concello de Redondela.

O órgano de selección de oficio revisa a puntuación de Vázquez Rodríguez D., e constata existencia dun erro de transcripción pola que intercambiouse a puntuación de Vázquez Rodríguez J. e Vázquez Rodríguez D.

A continuación, comprobase os méritos aportados o 26/02/2024 de Vázquez Rodríguez J.

Respecto aos méritos profesionais, valorase os méritos conforme o estipulado na Base xeral décimo apartado 1, os realizados no propio corpo, escala, subescala ou categoría de oficial de instalacións. No presente caso no concello de Vigo ten 12 meses no subgrupo C 2, os restantes non se valoran por ser do grupo E. No concello de Nigrán, e Deputación de Pontevedra, tamén se corresponden co grupo E, polo que non procede a súa valoración.

Con respecto ao concello de Redondela, compróbase que no prazo de presentación de solicitudes e alegacións de méritos (dende o 8 ao 27 de febreiro de 2024), non alegou nin presentou documentación acreditativa de méritos profesionais.

Polo tanto o órgano de selección estima parcialmente a alegación acordando outorgar unha puntuación de 11,2 segundo o indicado anteriormente.

Rectifícase de oficio a puntuación do aspirante Vázquez Rodríguez D.

Queda a puntuación dos dous aspirantes do seguinte xeito:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/10/2024 13:21	Páxina 2 de 5
240303511	CSV: A2AA5H-E733A1-218EC8-GP33J2-DFY8X8-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



40	VAZQUEZ RODRIGUEZ	J.	***3241**	Méritos profesionais: 7,2 Méritos académico: 4 <b>Total: 11,2</b>
41	VAZQUEZ RODRIGUEZ	D.	***2148**	Méritos profesionais: 0 Méritos académico: 4 <b>Total: 4</b>

- **Fernández Santibañez S.**, doc. n° 240273869 presentado o día 11/09/2024.

Alega textualmente "*presento documentación complementaria para que se me tenga en cuenta para la fase de valoración de méritos.*"

A solicitude presentada polo interesado en 27/02/2024, non declarou nin achegou ningún documento acreditativa de ningún tipo de méritos. Os méritos agora presentados non poden admitirse por estar presentados fora do prazo establecido nas bases da convocatoria.

O prazo de apertura de presentación de instancias comenzo a partir do anuncio ne BOE n° 33 en data Mércores 7 de febreiro de 2024, e rematou 27 de febreiro de 2024 (onde finalizan so 20 días naturais).

Se desestima a alegación presentada por estar os méritos fora do prazo establecido nas bases da convocatoria (base quinta e décimo cuarta), que indica que que só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes agás se o mérito que se alega á ter prestados servizos no concello de Vigo, que bastaría facelo constar en declaración xurada que se presentase coa solicitude, requisito este último que tampouco cumpriu o alegante.

- **Elexpuro Pacheco C.**, doc. n° 240273908, presentado o día 11/09/2024.

Alega que non se lle valoraron os méritos correspondentes a servizos prestados no concello de Vigo.

Revisada a solicitude presentada o 26/02/2024 constátase que presenta declaración de superar probas selectivas no concello de Vigo e servizos prestados. Solicitase certificado ao concello de Vigo. Comprobado o mesmo resulta a seguinte puntuación:

- Certificado de servizos prestados (concello de Vigo) - 55 meses - 33 puntos.
- Formación: 1,5 cursos. En canto á superación de procesos selectivos de oficial de instalacións municipais de Elexpuro Pacheco C.; indicar que segundo consta en certificación de data 1/10/2024, o Sr. Elexpuro Pacheco "aprobou todos os exercicios dos que constou o proceso selectivo de bolsa de emprego que permite os nomeamento interinos como



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/10/2024 13:21	Páxina 3 de 5
240303511	CSV: A2AA5H-E733A1-218EC8-GP33J2-DFY8X8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



oficiais de oficios- oficial de instalacións municipais- ...". Non se pode valorar a superación do devandito proceso selectivo xa que non cumpre o establecido nas Bases da convocatoria. As mesmas indican que unicamente se valora "haber superado un proceso selectivo completo de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do concello de Vigo ou nos seus Organismos Autónomos ..."

15	ELEXPURU PACHECO	C.	***9845**	Méritos profesionais: 33 Méritos académico: 1,5 <b>Total: 34,5</b>
----	------------------	----	-----------	--

- **García Recamán A.**, doc. nº 240274923 presentado o día 11/09/2024

Revisada a documentación compróbase que no concello de Vigo ten como oficial de instalacións - 18 meses (10,8 puntos), sergas - 34 meses-, (10,2 puntos). Total 21

Non se valora os servizos prestados como peón no concello de Vigo nin os prestados en correos, xa que non se corresponde co servizos realizados no propio corpo, escala, subescala ou categoría de oficial de instalacións como esixe as bases da convocatoria. Estímase parcialmente a alegación presentada, que queda:

21	GARCIA RECAMAN	A.	***4786**	Méritos profesionais: 21 Méritos académico: 4 <b>Total: 25</b>
----	----------------	----	-----------	--

- De conformidade co previsto na Base Décimo Oitava, contra a desestimación das reclamacións indicadas, poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

Vigo, na data de sinatura dixital,

A secretaria: Beatriz Domínguez Pereira  
O presidente: Secundino Otero Failde.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/10/2024 13:21	Páxina 4 de 5
240303511	CSV: A2AA5H-E733A1-218EC8-GP33J2-DFY8X8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLO  
DE VIGO**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/10/2024 13:21	Páxina 5 de 5
240303511	CSV: A2AA5H-E733A1-218EC8-GP33J2-DFY8X8-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>